

Comunicado nº 092/20 19 de Xuño de 2020

COMISIÓN GALEGA DE KARTING:

O motor Parilla X30 125 c.c. TAG Junior, para a tempada 2020 inclusive pasa a ter un restrictor de 22,7 mm; en estricte conformidade coa ficha de homologación (técnica) do fabricante (especificacións técnicas, tamaños, pesos, diagramas). A normativa igualará a competición coas antigas e novas motorizacións.

SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE:

A resolución do 15 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral para o Deporte pola que se aproba o protocolo FISICOVID-DXTGALEGO polo que se establecen as medidas para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 no ámbito do deporte federado de Galicia.

A resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade (DOG de 12 de xuño), establece distintas limitacións de capacidade e medidas de prevención específicas en diversos sectores, tamén no ámbito deportivo.

Entre estas, e para o ámbito da práctica deportiva federada, establécese -punto 3.21, apartado 2, do acordo- que *“para a realización de adestramentos e a celebración de competicións, as federacións deportivas galegas deberán dispor dun protocolo, que será aprobado mediante resolución da Secretaría Xeral para o Deporte, no que se identifiquen as situacións potenciais de contaxio, atendendo ás vías recoñecidas polas autoridades sanitarias, e no que se establezan as medidas de tratamento de risco de contaxio adaptadas á casuística”*. Así mesmo, sinala tamén que *“o dito protocolo será de obrigada observancia para o conxunto dos estamentos federativos e deberá publicarse na páxina web da federación deportiva”*.

Atendendo ao exposto, e sobre a base do establecido no do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, na materia da práctica deportiva federada no uso das facultades que teño atribuídas

DISPÓN

PRIMEIRO.- Aprobar o protocolo FISICOVID-DXTGALEGO polo que se establecen as medidas para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 no ámbito do deporte federado de Galicia que se recolle como Anexo á presente resolución, e que será a norma básica de referencia no ámbito do deporte federado en Galicia.

SEGUNDO.- Cada federación deportiva galega elaborará o seu propio protocolo consonte o contido desta norma básica, atendendo ás súas modalidades e especialidades deportivas.

TERCEIRO.- Os protocolos federativos serán de obrigada observancia para o conxunto dos estamentos federativos, e obxecto de publicación na páxina web de cada federación deportiva.

CUARTO.- As federacións deportivas galegas comunicarán á Secretaría Xeral para o Deporte os seus respectivos protocolos así como a persoa que asuma as labores de coordinación e seguimento do mesmo.

QUINTO.- A presente resolución terá efectos ao día seguinte da súa publicación na páxina web da Secretaría Xeral para o Deporte.